

O Camiño Mozárabe

Soutelo Verde no Camiño Mozárabe (Laza, Ourense)



Consejo editorial

Junta directiva de la Asociación de Amigos
de la Vía de la Plata – Camiño Mozárabe

Año 8. Número 18

Publicación semestral

Coordinador

José Antonio Quintas Vázquez

Aux coordinación

Aser Óscar Sánchez Ruido

José Emilio Rodríguez González

José Luis Rodríguez Cid

José María Lamelo Sánchez

Manuel Fernández Debén

Fotografía

Archivo CEO y Vía Plata – Camiño Mozárabe

Aportaciones de colaboradores

Maquetación

Jaime Armesto Conde

Edición y redacción

Bárbara Canedo Gutiérrez

Edita

Asociación de Amigos Vía Plata – Camiño

Mozárabe

Praza das Damas, 1. 32005 Ourense

Tfno. 988 39 11 10 – Fax. 988 39 19 57

Página web: www.viaprataourense.ceo.es

Correo electrónico: viaprataourense@ceo.es

Depósito legal

OU 116-2007

SUMARIO

- Conservando a memoria

Eligio Rivas

Pág. 3

- El hambre del peregrino

Luis de Osera

Pág. 8

- ¿Una reliquia del Apóstol Santiago en Inglaterra?

Manuel F. Rodríguez

Pág. 10

- O pórtico dos sons de Carboeiro

Alfredo Abeledo Penas

Pág. 13

- Fidelidad y generosidad en la cultura barroca: la donación de la duquesa de Aveiro a la catedral de Santiago en el año santo 1677

Francisco Singul

Pág. 17

- La capilla de Santiago del Furriolo

Miguel Ángel González García

Pág. 22

- Camino portugués, el camino de los trovadores

José Antonio de la Riera

Pág. 24

- El Camino Mozárabe. Vía de la Plata celebra su XXV aniversario con la Semana Cultural

José Antonio Quintas Vázquez

Pág. 26

Ficha de inscripción en la Asociación

D. Dña. con D.N.I. nº

Calle Nº Piso

Localidad Provincia

CP Teléfono Correo electrónico

Desea pertenecer a la Asociación de Amigos de la Vía de la Plata - Camiño Mozárabe de Ourense, mediante el abono de una cuota de 30 € anuales a través de domiciliación en banco o caja

Oficina de Nº de cuenta

Ourense, a ___ de _____ de 20___ Firma del interesado

La Asociación de Amigos de la Vía Plata – Camiño Mozárabe no se responsabiliza de las opiniones vertidas en los artículos enviados por los colaboradores

Conservando a memoria

A memoria e a vontade son fráxiles, e a realidade corre o risco de esquecerse. Tal pasa co realizado na Serra de San Mamede, coa Aula de Natureza na súa subida, coa restauración do Camiño Mozárabe. Coa promotora, a Asociación Amigos dos Milagres e San Mamede, e a teima do 'home da Serra', Manuel Fernández Salgado 'O Vilas', que aí é nada, foi capaz de organizar, xa en 1986 a 1ª Escalada a San Mamede, unha das máis difíciles de España, chegando á 19ª edición o 6 de xaneiro de 2004. O que mantíña transitábel a larga pista de subida buscando os medios, sempre coa faterna de propicia-lo goce do puro aire da Serra á xente, maiormente á xente nova. **Coidando aquel espazo de lecer, aquel refuxio, a fonte...** rubindo semanas seguidas ó alto, manténdoo limpo. Na Aula de Natureza a 1000 metros de altura, algunha vez permaneceu días solo por coidala.

Cantas viaxes co coche por mor da Ermida de San Mamede; cantos antes de ollar en pé a Aula de medio ambiente, e canta paciencia e termar coa incompreensión. Nos inicios da restauración do Camiño Mozárabe, grazas a el puiden redescubrir as perdidas sendas dende Lubián á Canda; do lugar da Canda ó Alto da Canda, do Pereiro saíndo polo monte cara o Canizo... pola Venda da Teresa, Portocamba a Laza, rubindo de Tamicelas con toxos e uces grosos coma un brazo ... Il co coche, para aquí, para alí, para lle preguntar á xente o andaba buscando o camiño ... E logo marcalo, pintar as frechas; o primeiro día foi dende Cantoña deica o centro da Gudiña.


E queixábase a miúdo de non haber podido ir máis á escola... **Manuel Fernández Salgado, 'O Vilas', entregou a vida ó Señor o 6 de xullo de 2007**, e a Serra ficou sen camiño e sen atender, e o San Mamede solo na súa ermida.

I – A ermida de San Mamede

Xa no ano 1984 rubimos ó alto de San Mamede cun construtor, pensando en como poder levantar aquela morea informe de pedras no curuto da Serra. Fora erguida no século X por encargo de San Rosendo; sabémolo por documentos de Celanova, sendo ben indicativo que a serra, chamada deica entón *Montem Toro*, axiña, con algunha cita de *San Mamede de Monte Toro*,

acaba sendo *Serra de San Mamede* sen que ninguén sospeite do vello orónimo. (Cf. San Rosendo e a Serra de San Mamede, Santiago, 2015).

No século XII, axiña que chegan os frades do Cistel a Montederramo, botan mau da ermida, que así foi, case por 700 anos, como se mantivo en pé, reparándoa cada pouco. Pero chegou a fatídica exclaustación (ano 1825) coa expulsión da Comunidade, e a pouco comezou a desfeita. Primeiro o tellado, logo as paredes pedra a pedra, naquela cima exposta a tódolos ventos. A barroca imaxe pétrea do Santo levárona pra San Cosme de Montederramo, e perante máis de cento cincuenta anos, aquel fito senlleiro de piedade, de cohesión e fraternidade de cen pobos á redonda, ficou desamparado. **Aquela devoción foise apagando ó longo do século XIX**, e ó dobrar o XX tamén se apaga o fervor de vida explotando a Serra. Perpetua soidade. Cando tratamos de volvela erguer das súas ruínas, alí non ficaba en pé máis ca unha fileira de perpiaños enterrada nos alicerces cunha morea informe enriba.




Seis anos levabamos cavilando no modo e maneira de erguer aquelas pedras, e que de novo a ermida de San Mamede volvese ser santo e seña dos pobos da contorna estesa, cando polo bos oficios de Manuel Fernández Salgado, o día 30 de agosto de 1989, levamos a D.Manuel Fraga ó alto da Serra. De pedestal aquela morea de pedras, expuxemos o que elas significaban, o que elas por séculos pra milleiros de devanceiros supuxeran, agora dobremente desamparados e que cumpría revitalizar erguendo o faro alumeador que fora. Testemuño que vin algunha bágoa, e de proviso tivémo-la promesa da axuda necesaria.

En xaneiro do ano 1991 creamos a Asociación de Amigos dos Milagres e San Mamede, recreativo-cultural, con representante na directiva de cada un dos sete Concellos arredor da Serra, e Manuel Fernández Salgado de tesoureiro. O primeiro fin nos Estatutos: erguer a ermida de San Mamede, restituíndo a súa romaría e promovendo o seu antigo culto na contorna. Despois manter o medio ambiente natural e ilustrar os pobos descubriendo os seus valores, os da terra nai lembrando con gratitude ós devanceiros. (Rexistro Goberno Civil, Ourense, nº932, 4-II-1991; Rexistro na Consellería de Cultura e Xuventude, 10-IV-1991).

A pouco xa rubían as paredes e logo a pétrea imaxe do santo rubía en cantareiro carro de vacas da Teixeira a ocupar o seu anovado trono o día da inauguración e bendición polo bispo Mons. José Diéguez Reboredo (8-VIII-1992). Non faltaron entrequedencias na súa reconstrución coma a posta polo dono do monte pola parte de Montederramo -a ermida está xusto en terreo de Rebordechau- e algún pilengre vaqueiro que ó baixar os obreiros tiraba unha fileira de cantería cada tardiña... Rubimos unha noite e alí os pillamos agachados, agardando a que baixasen á media noite. Hermanos Carrajo de Verín ergueu pronto e ben a capela, e a campá dalgunha estación de tren, doada, ó unísono co ledo rebrincar das gaitas, deron a gloriosa boa nova ós catro ventos.

Seguiu habendo cada ano a escalada, cadrando agora co día da festa; misa solenia e xogos populares, toldo de pulpeiras e merendas, cheo de xente o altiplano ó gozo dos raios ultravioleta dun sol escentellante. Raro era o día que non se vían visitantes nos merendeiros da área de recreo e no incomparábel mirador á beira da ermida oteando lonxanos horizontes, ou naquel amplo solarío de aire puro recobrando xuventude e saúde. O vrau de 2007 foi o derradeiro; morreu por quen a subida era transitábel, e agora se acaso algún moi arriscado.





II – Aula de natureza na serra

O mundo apodrecía de fumo e discoteca, e o inmenso pulmón de oxíxeno da Serra desdeñado. Unha vez erguida a ermida, comezamos a acariña-la idea de instalar na Serra un centro medioambiental. Un lugar illado no medio da Natureza, en que mormente a xuventude aprendese a valorala, collerlle apego. **Cantas veces o lembramos con "Vilas", aquel ochentón cheo de afán e ideas de progreso.** Incluso lle dediquei a comezos dos anos 1990, subvencionado pola Dirección de Medio Ambiente Natural, Gandeiría e Montes, un libriño ben ilustrado, pondo de relevo os múltiples valores que nos ofrece a Serra.

De camiño na subida a mil metros de altura tiñamos o sitio ideal; unha recóndita corga ó pé dos altos de Cherintín, o chamado O Coudillo, centro de montaña e reserva de cervos agora en vías de extinción. **Son as antigas Corcerizas, nome ben significativo, o máis frecuentado polos corzos,** devesa co seu casal propiedade dun paisano apelidado Conde, quizás orixinario de Maus, a quen a xente alcumaba de "Condiño", que o pobo acaba convertendo en Coudillo e os máis 'entendidos' en Caudillo. Propiedade e casal hipotecados antes de 1950, redimida polo Concello de Vilar de Barrio a cuxa propiedade pasou neste ano para ser explotada en consorcio co Patrimonio Forestal, albergando o casal a dous gardas forestais coa súa familia; alí nace por entón un neno que hoxe andaré polos 70.

Na dieza de 1990 a Casa fica a ermo e os cervos comezan a levalos cara o Invernadoiro; a oportunidade pintaba en calva, e por ela fomos. O ano 1996 volveu D. Manuel Fraga á Serra e de contado lle amosamos un anteproxecto do que pretendiamos, no que prometeu axudar. No mes de marzo deste ano veu ver O Coudillo D. Manuel Díaz López, Subdirector Xeral de Xuventude, seguido a pouco da Delegada Provincial de Medio Ambiente. A ámbolos dous lles pareceu sitio ideal para Aula de Natureza. O 4 de novembro (1996) fun expoñer o plan na Consellería de Familia, Muller e Xuventude, que acolleron o plan con todo interese. Entrevistamos a quen máis tiña que ver co Coudillo, o Conselleiro de Agricultura, Gandeiría e Montes, D. Tomás Pérez Vidal, que tomou o proxecto coma algo seu, prevíndonos que había que agardar pola ocasión.

De proviso chegou a convocatoria do Plan PRODER da UE (setembro de 1996), que de contado solicitamos, **asociados os Concellos de Vilar de Barrio e Xunqueira de Ambía,** aprobado primeiro pola Xunta de Galicia, despois pola UE. Presentamos entón o proxecto básico dunha Aula de Natureza na Serra de San Mamede (Exped.32003), iniciativa da *Asociación de Amigos dos Milagres e San Mamede*, para o coñecemento, respecto e conservación do Medio Ambiente Natural, mediante a instalación ó aire libre dun centro xuvenil (Decreto 33/1997) na Reserva Forestal do Caudillo (Normas Complementarias y Subsidiarias de 1985).

Conséguese a subvención da iniciativa, aprobada á baixa pola Asociación pro Proder: Casa do Caudillo 25.000.000, Camping 38.000.000 (63.000.000 pts.).

A instalación (Medida 3) vai constar: 1) da casa-refuxio, adaptada coma albergue. 2) Dous edificios de nova planta cercanos, un para comedor-salón de reunión e servizos, outro de aulas. 3) Zona de acampada eventual (que non chega a realizarse). Todo integrado no entorno natural. O importe:

Rehabilitación da Casa-Refuxio: 25.806.914 pts.

Aulas-Camping: 38.000.000 pts.

Total: 63.806.000 pts.

(Arquitecta Ana Recuna Carrasco, 30-XII-1998)

Aprobado: Colexio Oficial de Arquitectos, Ourense, 14 de xaneiro de 1999

Conseguida a subvención, realízanse os trámites pertinentes:

1) Averiguación de pertenza da casa e enclave: Propiedade do Concello de Vilar de Barrio (Rexistro de Allariz, Tomo 260, Libro 28, Finca 3966).

2) Solicitude de cesión por parte do Concello de Barrio, por termo de 25 anos (30-X-1998), a prol da *Asociación de Amigos dos Milagres e San Mamede*, do espazo e Casa do Caudillo, identificado coma "caserío" no Nomenclátor Nacional de Estatística do ano 1950, p.138.

3) Autorizada a cesión por unanimidade do Concello de Vilar de Barrio, por 25 anos (29-IX-1999). Deica o 29-IX-2024.


4) Desestimación polo Concello de Vilar de Barrio da reclamación en contra da concesión, interposta por Antonio Iglesias Fraga, Presidente da Comunidade de Montes de Arnuide.

5) Protocolización da cesión en escritura asinada perante Notario de Xinzo de Limia (17-III-2000), inscrita no Rexistro da Propiedade de Allariz (6-VI-2001).

Xa con tódolos requisitos esixidos pola Administración en regra, así coma do proxecto, quíxose impedir a súa realización (Reunión do 2-VII-2001 en Vilar de Barrio), opóndose frontalmente o dito Presidente da Asociación de Montes de Arnuide, Antonio Iglesias Fraga (no que non faltou o insulto persoal tildándome de ladrón) e seu secretario Jesús Súa Santás, acompañados de Alfonso Meije (seu asesor técnico; da Cooperativa Viveiros Braña, e subvencionado pola Xunta para o ordenamento dos montes de Arnuide) e de Alfonso Grande Pérez como asesor legal.

O día 4-VII-2001 houbo outra reunión en Vilar de Barrio, na que o representante legal da Comunidade de Montes, Alfonso Grande Pérez, fixo unhas propostas de conciliación que supuñan unha clara chantaxe e incitación á prevaricación, na que se quería involucrar ó Concello de Vilar de Barrio, que lle foron rexeitadas.

O día 4-VII-2001 houbo outra reunión en Vilar de Barrio, na que o representante legal da Comunidade de Montes, Alfonso Grande Pérez, fixo unhas propostas de conciliación que supuñan unha clara chantaxe e incitación á prevaricación, na que se quería involucrar ó Concello de Vilar de Barrio, que lle foron rexeitadas.



Ante a situación creada e outros imprevistos, eu, o promotor coma Presidente de Amigos dos Milagres e San Mamede, estaba decidido a abandona-lo proxecto. Se seguín adiante foi pola insistencia de Manuel Fernández ("Vilas").

Por erro do primeiro xerente, D. Santiago Castelao, puxo coma *honorarios técnicos* o que era *beneficio industrial*: 4.168.966 pts, saltándose *Elaboración de Proyecto*: 1.381.156 pts, *Dirección de Arquitecto* (Demetrio Losada Vázquez) 491.924 pts e *Dirección de Arquitecto Técnico* (Gregorio Martínez Montero). En total 2.565.004 pts, que tivemos que aportar "Vilas" e máis eu.

Outro atranco foi o non poder conseguir, nin da Caixanova (Vilar de Barrio), nin do Banco Pastor (Xinzo) o crédito necesario pra despegar, xa que había que pagar por adiantado cada prazo. Grazas que un particular nolo foi adiantando sen interese algún.

Xa en marcha o proxecto xirou visita ó lugar a Directora de Xuventude, D^a M^a José Bravo Bosch. **Tanto lle gustou a iniciativa que insistiu en que había que reforma-lo proxecto e realizalo en bioconstrución.** Do sobrecoste encargábase a Consellería de Familia e Xuventude de abonalo; veu tamén a Conselleira, D^a Manuela López Besteiro, con Juan Caamaño Director do Inega que se comprometeu a instalar as enerxías limpas, renovables, para ensino e prácticas da Aula, e confirmou o dito pola Directora. Así se fixo, dirixido o plan polo técnico D. Juan Avia vindo de Vigo, indicándonos a mesma M^a José que o mellor pra leva-la Aula de Natureza era o colectivo *Amigos da Terra*, en Galicia dende 1997 por obra e dilixencia de Xulio López conveciño seu de Ourense, como así fixemos.

Pero o proxecto, xa avaliado á baixa polo Presidente e Vicepresidente da Asociación (alcalde de Xunqueira de Ambía, José Luis Gavilanes, e Julio Pérez de Vilar de Barrio), subiu de sobrecoste un tercio. E antes de rematarse a obra, Conselleira e Directora foron trasladadas de destino. ¡E agora como lle pagamos ó construtor a diferenza... ! ¡Cantas noites sen durmir...!

Grazas que tamén tivémo-la visita de José Luis Baltar, Presidente da Deputación, que entusiasmado tamén con esta iniciativa e realidade da Aula de Natureza, prometeu axudarnos, e fiel á súa promesa, algún tempo

despois de rematada a obra, redimiu a nosa débeda e imposible compromiso.

Cómpre deixarmos constancia da parte esencial que tivo a Xunta de Galicia en levar a ramo o certamente modélico proxecto, que sería tanta coma a dos fondos da UE. Así o tanto por cento a pagar polo promotor, a excelente batería de cociña do antigo Colexio Calvo Sotelo de Ourense, as enerxías renovables (eólica, fotovoltaica, hidráulica e de biomasa) esenciais pra impartir-la educación ambiental, co seu centro de distribución con 40 grandes baterías... Poñer en marcha a minicentral, inservible dende máis de vinte anos e que so o arranxo da turbina custou 2.000.000 pts. O aeroxenerador no alto da Peneda da Lebre con transmisión subterránea de dous quilómetros, e de tan intrincada instalación; as placas solares, que co anterior e a turbina manteñen lámpadas, cociña e electrodomésticos; a planta de biomasa que mantén unha excelente calefacción en todo o complexo. E todo o equipamento do albergue, incluso preparado pra acomodar a minusválidos...

A comezos do mes de xullo de 2002 inaugúrase a Aula de Natureza, con razón recobrada a primitiva denominación de As Corcerizas. Pero teño que advertir que días antes, aínda os tais das polainas ameazaron con arrinca-las cerraduras e apoderarse do local. O representante da xustiza obrigounos a recoller velas, pero cinco anos despois, morto o "Vilas" con 86 anos, o benemérito D. Manuel Fernández Salgado, o día 6 de xullo de 2007, dous días despois, o día 8, recibín en Ourense carta do dito individuo dándome o ultimatum con ameazas pra que lle fixese entrega das Corcerizas. O apercibimento dos tribunais de xustiza fíxoo calar de vez.

A Aula de Natureza das Corcerizas, xestionada por Amigos da Terra, referente no deseño de instalación e equipamento de Educación Ambiental, seleccionada entre 254 albergues análogos de España, en competición con proxectos de 15 países gañou en setembro de 2013 o Premio Internacional "Proxecto de Soberanía Enerxética" de Hostelling International. Está claro a quen e a cantos se debe tal preeminencia e distinción.

Ourense, outubro 2016

Eligio Rivas Quintas, C.M